



NOTA DE PRENSA

A gastronomía da Costa da Morte preséntase en Madrid á prensa especializada da man dos grandes chefs

Ademais de promover esta pasarela culinaria, O Plan de Promoción e Comercialización do Destino Turístico posto en marcha pola Deputación da Coruña tamén estará presente en Fitur coa unidade móbil "Costa da Morte, un mar de vida"

A Coruña. Martes 19 de xaneiro 2009./ O Plan de Promoción e Comercialización do Destino Turístico Costa da Morte posto en marcha pola Deputación da Coruña en outubro de 2009 conclúe esta semana en Madrid con dúas citas de grande importancia.

Mañá terá lugar no Restaurante Sanxenxo, integrante do grupo gastronómico Combarro e buque insignia da cociña galega na capital, unha pasarela gastronómica dirixida a profesionais e expertos na que grandes chefs especializados na cociña galega presentarán os produtos deste territorio con elaboracións que van dende a máis tradicional á máis moderna.

O acto contará coa asistencia de expertos en turismo e críticos gastronómicos de prestixio internacional e prensa especializada no sector.

Cunha cuidada escenografía e un orixinal guión, a pasarela gastronómica tratará de amosar a gran riqueza culinaria da Costa da Morte da man de tres restauradores galegos de primeira fila, os cales prepararán para a ocasión algunhas das súas mellores receitas elaboradas coa mellor materia prima da zona.

Baixo a batuta de Pep Peiró, crítico enogastronómico do suplemento Metrópoli, encargado de conducir o acto, afinará os seus instrumentos Fernando Agrasar, propietario de "Ás Garzas" en Malpica e estrela Michelin, quen abrirá o apetito con tres bocados de primeira: *Longueiróns de Fisterra*

en aceite verde de cítricos, Caldiño de mariscos e peixes da Costa da Morte, e Percebes do Roncudo con cachelos de Coristanco.

O chef do restaurante "Combarro" en Madrid presentará, de seguido, unha *Empanada de berberechos da Cabana*, e Sacha Hormaechea, xefe de cociña do restaurante "Sacha" e membro do grupo Xantares, poñerá o punto e final ao concerto culinario cunha *Torta interpretada de rixóns de A Laracha*.

Á degustación destes pratos sumarase a presentación do prestixioso Pan de Carballo, outro dos produtos da Costa da Morte que destaca pola súa calidade no proceso de elaboración e sabor excepcional.

Presenza na Feira Fitur

O destino turístico Costa da Morte tamén estará presente do 20 ao 24 de xaneiro na feira Fitur coa unidade móbil "Costa da Morte, un mar de vida", que durante os últimos meses percorreu gran parte do Estado dando a coñecer os atractivos turísticos desta bisbarra.

No autobús repartirase diverso material promocional e ofrecerase información de grande utilidade sobre este destino turístico único.

www.turismocostadamorte.com

